Asistencia do PCOE á concentración contra o mitin de VOX en A Coruña



Desde a mal chamada *"Transición Española"*, os medios de comunicación do capital e os políticos "demócratas" de toda índole (moitos deles os cales se "democratizaron" dun día para outro), insisten en vendernos tal acontecemento como exemplar e á monarquía parlamentaria española como unha democracia, inclusive ás veces co apelido de *imperfecta*. Esta sarta de mentiras só as cren aqueles que teñen interese en crelas, posto que a realidade, a cal pertence á clase obreira española, galega, vasca e catalana, é outra distinta.

En particular, esa Transición modélica e democrática cobrouse centos de mortos por mans dos corpos represivos do Estado. Mortos que foron vendidos por supostos partidos revolucionarios coma o PCE, o PSUC ou sindicatos coma CCOO e UXT. Persoas que deron a súa vida porque sabían que o franquismo non se derrotaría de forma pacífica e, efectivamente, non se equivocaban.

Cunha busca rápida pola rede, podemos comprobar que:

- No Estado Español, só no 2017, se recollen máis de 1000 casos de torturas nas súas cárceres.
- A organización danesa *"Freemuse"* clasificou a España como o país que máis persegue a liberdade de expresión do mundo.
- En 2018, a Unión Europea condenou ao Estado Español oito veces por vulneración

dos Dereitos Humanos.

- A ONU instou a España a liberar dos seus cargos aos presos políticos cataláns.

Sen embargo, isto non remata aquí. Se nos remontamos unhas décadas cara atrás, recordaremos os crimes contra a humanidade dos GAL do PSOE ou, inclusive, que o Partido Popular foi, literalmente, creado e composto por franquistas, do mesmo xeito que a monarquía foi nomeada directamente por Francisco Franco.

Se tivésemos que enumerar todos os crimes do Estado Español contra o pobo traballador dende a Transición, non habería papel no que coubese tal listaxe.

É por todo isto polo que o PCOE chama ao pobo traballador a non limitar o fascismo a un só partido como é VOX. Tanto o PSOE coma o PP e Ciudadanos son tan fascistas e tan criminais coma eles. Do mesmo xeito, tamén cabe mencionar aos colaboracionistas de Unidos Podemos, os cales ata teñen palabras para defender a presenza de VOX nos medios españoles, demostrando máis aínda aquela frase do camarada Stalin:

"A socialdemocracia é, obxectivamente, a cara moderada do fascismo."

Efectivamente, o Estado Español é un Estado fascista. Dende a xefatura de Estado ata a Xudicatura, pasando polo Parlamento, todo segue dirixido polos acólitos do franquismo con diferentes caretas. Fascistas que se encargaron de depurar e encarcerar a militantes comunistas que loitaron pola liberación da nosa clase, como foron aqueles do PCE(r) que aínda hoxe seguen na cadea. Inclusive nesta cidade cos represaliados do *Centro Social Okupado A Insumisa*, os cales acumulan 67 anos de cárcere grazas ao colaboracionismo da Marea Atlántica cos corpos represivos.

Compañeiros, o fascismo, que non é máis que a máxima expresión da dictadura burguesa, rematará cando a nosa clase sexa consciente da súa posición no mundo. Para iso, é imprescindible armarse coa ciencia do Marxismo-Leninismo.

Camarada, libera á túa clase!

Organízate co PCOE!

Secretaría de Axitación e Propaganda do Partido Comunista Obrero Español (PCOE) en Galiza

Asistencia del PCOE a la concentración contra el mitin de VOX en A Coruña

Desde la mal llamada *"Transición Española"*, los medios de comunicación del capital y los políticos "demócratas" de toda índole (muchos de los cuales se "democratizaron" de un día para otro), insisten en vendernos tal acontecimiento como ejemplar y a la monarquía parlamentaria española como una democracia, inclusive a veces con el apellido de *imperfecta*. Esta sarta de mentiras solo la creen aquellos que tienen interés en creerla, puesto que la realidad, la cual pertenece a la clase obrera española, gallega, vasca y catalana, es otra distinta.

En particular, esa Transición modélica y democrática se cobró cientos de muertos por manos de los cuerpos represivos del Estado. Muertos que fueron vendidos por supuestos partidos revolucionarios como el PCE, el PSUC o sindicatos como CCOO y UGT. Personas que dieron su vida porque sabían que el franquismo no se derrotaría de forma pacífica y, efectivamente, no se equivocaban.

Con una búsqueda rápida por la red, podemos comprobar que:

- En el Estado Español, solo en 2017, se recogen más de 1000 casos de torturas en sus cárceles.
- La organización danesa *"Freemuse"* clasificó a España como el país que más persigue la libertad de expresión del mundo.
- En 2018, la Unión Europea condenó al Estado Español ocho veces por vulneración de los Derechos Humanos.
- La ONU instó a España a liberar de sus cargos a los presos políticos catalanes.

Sin embargo, esto no acaba aquí. Si nos remontamos unas décadas atrás, recordaremos los crímenes contra la humanidad de los GAL del PSOE o, inclusive, que el Partido Popular fue, literalmente, creado y compuesto por franquistas, del mismo modo que la monarquía fue nombrada directamente por Francisco Franco.

Si tuviésemos que enumerar todos los crímenes del Estado Español contra el pueblo trabajador desde la Transición, no habría papel en el que cupiese tal lista.

Es por todo esto por lo que el PCOE llama al pueblo trabajador a no limitar el fascismo a un solo partido como es VOX. Tanto el PSOE como el PP y Ciudadanos son tan fascistas y tan criminales como ellos. Del mismo modo, también cabe mencionar a los colaboracionistas de Unidos Podemos, los cuales hasta tienen palabras para defender la presencia de VOX en los medios españoles, demostrando más aún aquella frase del camarada Stalin:

"La socialdemocracia es, objetivamente, la cara moderada del fascismo."

Efectivamente, el Estado Español es un Estado fascista. Desde la jefatura de Estado hasta la Judicatura, pasando por el Parlamento, todo sigue dirigido por los acólitos del franquismo con diferentes caretas. Fascistas que se encargaron de depurar y encarcelar a militantes comunistas que lucharon por la liberación de nuestra clase, como fueron aquellos del PCE(r) que aún hoy siguen en la cadena. Inclusive en esta ciudad con los represaliados del *Centro Social Okupado A Insumisa*, los cuales acumulan 67 años de cárcel gracias al colaboracionismo de la Marea Atlántica con los cuerpos represivos.

Compañeros, el fascismo, que no es más que la máxima expresión de la dictadura burguesa, terminará cuando nuestra clase sea consciente de su posición en el mundo. Para eso, es imprescindible armarse con la ciencia del Marxismo-Leninismo.

¡Camarada, libera a tu clase!

¡Organízate con el PCOE!

Secretaría de Agitación y Propaganda del Partido Comunista Obrero Español (PCOE) de Galicia